



GOBIERNO CIVIL
DE
ORENSE

24
-1-

5/a

Jurado P. de Montes en Mano Común

En sesión celebrada en la fecha que se indica, se adoptó el siguiente



A C U E R D O

En la Ciudad de Orense, a 26 de septiembre de 1979

Visto, en el día de la fecha, por el Jurado Provincial de Montes en Mano Común, con asistencia de los señores que constan en acta, el presente expediente de clasificación de los montes denominados: "VEREDO Y COUTADA; CHAO DE ZUDRO y PORTELA; CHAO DE COUTO", de 351 Has.,

tramitado a instancia de la Administración Forestal, como perteneciente en régimen de comunidad germánica a los vecinos de REPARADA, del
MUNICIPIO DE MUIÑOS

RESULTANDO: Que por los Servicios de Investigación Forestal se confeccionó la carpeta-ficha de los montes objeto de este expediente, conteniendo el croquis "mosaico" de fotografías aéreas, la situación jurídico-administrativa, con un estudio histórico de la evolución de la propiedad colectiva vecinal, estado de los montes en relación al Catálogo, Inventario y Registro de la Propiedad y la posición de la Administración Municipal, situación de hecho, para llegar a la conclusión de que tales montes son claramente definibles como montes vecinales en mano común, porque la posesión vecinal es pacífica y no interrumpida, desde tiempo inmemorial, en concepto de dueños, porque tienen una procedencia foral, porque la propiedad ha permanecido indivisa y los aprovechamientos vienen siendo mancomunados, ligados a la condición de vecinos de sus beneficiarios, sin fijación de cuotas específicas; porque el Ayuntamiento presta aquiescencia a la posible calificación de vecinales en mano común.

RESULTANDO: Que en sesión del Jurado Provincial, de fecha 31 de enero de 1979, se acordó iniciar expediente para la clasificación de los montes de referencia, designando como instructor a Don Manuel Méndez Domínguez, - quien aceptó el cargo y procedió a su tramitación, librándose mandamiento para la anotación preventiva en el Registro de la Propiedad del Partido; también se acordó oír a todas las personas, organismos y corporaciones interesados, librándose comunicaciones a tal fin, dirigidas al Sr. Alcalde del Término municipal; Presidente de la Junta de Comunidad o Alcalde Pedáneo, Presidente de la Hermandad Sindical de Labradores y Ganaderos, Diputación Provincial y Sr. Ingeniero-Jefe del I. C. O. N. A., publicándose edictos en el Boletín Oficial de la Provincia y en el Tablón de Anuncios del Ayuntamiento.

RESULTANDO: Que según certificado del Ayuntamiento/ de Muíños, estos montes no figuran inscritos en el Inventario de Bienes Municipales ni a nombre del Ayuntamiento en el Registro de la Propiedad, mientras que el I.C.O.N.A. in forma (6/3/1979) que es parte de uno catalogado con el nº. 49 de los de U.P., y está consorciado con dicho Instituto.

RESULTANDO: Que la comunidad vecinal de Reparada está en posesión inmemorial de dichos montes en régimen de comunidad de tipo germánico como consta en la carpeta-ficha (2.6).

RESULTANDO: Que en la tramitación del presente expediente se han cumplido las formalidades legales, especialmente cuanto dispone la Ley de Montes en Mano Común, de 27 de julio de 1968, y el Reglamento para su aplicación, de 26 de febrero de 1970, así como lo establecido en la Ley de Procedimiento Administrativo, de 17 de julio de 1958.

VISTOS, los preceptos citados y demás disposiciones de general aplicación.

CONSIDERANDO: Que el Jurado Provincial de Montes en Mano Común tiene jurisdicción y competencia para conocer del presente expediente de clasificación de los montes que tengan tal carácter, a tenor de lo dispuesto en el art.º 10 de la Ley citada y el art.º 10 de su reglamento.

CONSIDERANDO: Que la Administración Forestal es parte legítima para solicitar la iniciación del presente expediente de clasificación de los montes como vecinales en régimen de comunidad germánica o mano común, como así lo reconoce el art.º 11 de la citada Ley de Montes en Mano Común.

CONSIDERANDO: Que el tipo de comunidad germánica que instituye la Ley de Montes en Mano Común, inspirada en el reconocimiento que de esta comunidad ha hecho el Tribunal Supremo, entre otras, en las Sentencias de 22 de diciembre de 1926, 28 de diciembre de 1957, 30 de septiembre de 1958 y muy especialmente en la de 2 de febrero de 1965, tiene como características esenciales las siguientes: 1.ª).- Los condóminos están unidos por vínculos personales de vecindad, agrupados en parroquias, aldeas, lugares, caseríos o barrios; no constituidos formalmente en Entidades Municipales. 2.ª).- Que, por tanto, el número de titulares es variable e indeterminado. 3.ª).- Que el patrimonio colectivo sea utilizado y aprovechado por la cualidad de miembro de la agrupación vecinal, faltando la idea de cuota en el sentido jurídico romano. 4.ª).- Que el patrimonio y la participación es inalienable e intransferible y se pierde al perder la cualidad de vecino. 5.ª).- La comunidad es indisoluble, los comuneros no pueden pedir ni ejercitar la "actio communi dividundo".

CONSIDERANDO: Que los montes cuya clasificación se pretende reúnen las condiciones arriba mencionadas como propiedad de naturaleza germánica o en mano común, siendo disfrutados en forma consuetudinaria y exclusiva por los vecinos de REPARADA, sin que el documento aportado por D. Ramón Rodríguez Alvarez con su escrito fecha 23 marzo 1979 ofrezca virtualidad suficiente en contra de lo declarado en la Carpeta-ficha (en especial nros. 2.6. y 2.7.), pues el denominado / "VEREDA Y COUTADA" tampoco aparece identificado a los efectos que dicho vecino pretende, por lo cual, con sujeción al Art. 1º de la Ley de 27 de julio de 1968, procede su CLASIFICACION a fin de que la comunidad vecinal pueda adquirir la personalidad jurídica con facultad para intervenir en todo lo relacionado con estos montes, de conformidad con la situación, linderos y extensión de 351 Has. que figuran en la Carpeta, sin perjuicio de la regulación derivada del Consorcio con el ICONA en la parte correspondiente y con arreglo a los arts. 4º de la Ley de Montes y 23 de su Reglamento.

26

-2-

5/a

EL JURADO PROVINCIAL DE MONTES EN MANO COMUN, a la vista de los antecedentes y fundamentos de derecho expuestos, ACUERDA:

CLASIFICAR como pertenecientes, en régimen de comunidad germánica o en mano común, a los vecinos de Reparada, / Ayuntamiento de Muíños, los montes denominados "VEREDO y COUTADA; CHAO DE ZUDRO y PORTELA; CHAO DE COUTO", con una superficie en conjunto de 351 Has. y los lindes que a continuación se expresa como de todo el término vecinal y fincas:

- N., Término y montes de Piñoy y de Cadós
- E., Término y montes de Prado
- S., Monte "Penedo Redondo", de Albite
- O., Término municipal de Lovios y monte de Pazo.

El "VEREDO Y COUTADA" da al S. del Rio Salas, que es su lindero N., y limita al S. con monte "Penedo Redondo" de Albite de Confurco hasta Costa; al O., término de Lovios; / al E. montes de Prado.

El "CHAO DO ZUDRO y PORTELA", al N. del Rio Salas y O. del pueblo.

El "CHAO DO COUTO", al N. del Rio Salas, al E. del pueblo, y limitando con término de Prado.

Sus aprovechamientos se sujetan a lo dispuesto en los arts. 4º de la Ley y 23 del Reglamento de Montes Vecinales. Procédase a la exclusión de cualquier registro.

Notifíquese esta resolución al Sr. Alcalde, Presidente o Representante de la Comunidad y Sr. Ingeniero-Jefe del I. C. O. N. A., a los que se les hará saber que contra esta resolución pueden interponer el recurso contencioso-administrativo, ante la Sala correspondiente de la Audiencia Territorial de La Coruña, en el plazo de DOS MESES, previo el de reposición ante este Jurado Provincial, en el plazo de UN MES, a partir del día siguiente a su notificación.



Sr.

Prov.º	Munic.º	Comunidad Prop.º	N.º monte
OR	52	10.3	1

CLAVE DEL MONTE

3.- ESTADO FISICO

Ver. Index

3.1 SITUACION. ALTITUD. ACCESOS.

Estos montes de REPARADA están formados por tres parcelas independientes, separadas entre sí por el río Salas y por las fincas particulares inmediatas al pueblo:

- "VEREDO y COUTADA" al S. del río Salas; formado por laderas que suben hasta los límites con Albite y por el O. hasta el término municipal de Lovios.
- "CHA O DO ZUDRO y PORTELA" al N. del río Salas y al O. del pueblo, contra la divisoria de Pazó,
- y "CHAO DO COUTO", también al N. del Salas, al E. del pueblo, contra los límites de Prado.

El terreno es muy accidentado, con pendientes relativamente suaves en los montes del N. del Salas y más fuertes en el Veredo y Coutada; las altitudes oscilan de los 700 a 890 m.

Los únicos accesos directos son los caminos de servicio desde el pueblo, a los que se llega por pista desde Cadós, enlazando con el camino vecinal de Muguelmes a Lovios.

3.2 SUPERFICIE.

En conjunto, 351 Hás., obtenidas mediante planimetrado sobre 1/25.000.

3.3 LINDEROS.

Los del término vecinal son:

N.- Términos y montes de Piñoy y términos de Cadós.

		Prov.*	Munic.*	Comunidad Prop.*	N.º monte
Ref.ª Índice	CLAVE DEL MONTE	OR	52	10.3	1
3.3	E.- Término y montes de Prado. S.- Monte "Penedo Redondo" de Albite. O.- Término municipal de Lovios y monte de Pazo.				
3.4	DESCRIPCION DEL PERIMETRO. El perímetro del término redondo de REPARADA, comprendiendo los montes "VEREDO y COUTADA", "CHAO DE ZUDRO y PORTELA" y "CHA O DE COUTO", las fincas particulares y el mismo pueblo, puede describirse empezando por el extremo N.O. en Romao, en la concurrencia con los montes de Pazo y "Uzal de Traves" de Piñoy. Por el N. divide con el citado monte "Uzal de Traves de Piñoy desde Romao bajando hacia el NE según una loma por Bustelo, dividiendo despues con términos de Cadós por entre fincas particulares, hasta cerca del camiro de Reparada a Germeada. Por el E. divide con montes de Prado, bajando desde el citado camino a Germeada hacia el S. por la Corga de Lamela al río Sãas, baja por este en un tramo y sube hacia el S. por la corga de Confurco hasta Confurco. Por el S. divide con el monte "Penedo Redondo" de Albite desde Confurco bajando hacia el S.O. faldeando a cruzar el Regato de Veredo, de donde sube en la misma dirección hasta Costa, en el límite con término municipal de Lovios. Por el O. divide en un tramo -el monte "Veredo y Coutada"- con término municipal de Lovios bajando por la nojonera de S. a N. desde Costa al río Slas por Porto, bajando por el río en un corto tramo hasta Amieiro da Plateira, de donde sube hacia el N. dividiendo con monte "Gudeira" de Pazo según una loma que divide aguas hasta Portela y Romao, donde se comenzó.				
3.5	OBSERVACION SOBRE LIMITE CON FINCAS PARTICULARES El límite de estos montes de REPARADA con fincas particulares no puede ser muy preciso si se tie-				

Ref * Índice


3.5

CLAVE DEL MONTE

Prov.*	Munic.*	Cantidad Prop.*	N * monte
OR	52	10.3	1

ne en cuenta que éstas han invadido terrenos de monte que han sido parcelados. Se ha llegado con los límites de éste hasta donde existe seguridad o duda razonable de que pueda pertenecer al monte de referencia.

En caso de que este monte llegara a ser calificado como vecinal en mano común, tal vez fuera necesario un deslinde parcial en tal colindancia con particulares, siguiendo los criterios tenidos en cuenta en tal calificación.



Na sesión do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, de data 30 de setembro 2003, tómasse en consideración a acta de data 4 de novembro de 2002 da conciliación celebrada con acordo, no Xulgado de Paz de Muiños, relativa ós lindeiros entre os montes veciñais en man común denominados "Veredo y Coutada, Chao de Zudro y Portela, Chao de Couto", clasificado o 26 de setembro de 1979 para Reparada e "Uzal de Traves" clasificado o 30 de maio de 1979 para Piñoy, ambos no concello de Muiños.

Mediante o acordo alcanzado na citada conciliación e a documentación complementaria (actas das asembleas das comunidades implicadas nas que se adoptou o acordo relativo á modificación de lindeiros e facultouse ós respectivos presidentes para levar a efecto o acto de conciliación), ponse de manifesto a vontade clara dos conciliados - comunidade de Piñoy-, de recoñecemento da pretensión dos conciliantes - comunidade de Reparada- de modificación dos lindeiros entre os montes veciñais en man común da súa propiedade, "Uzal de Traves" e "Veredo y Coutada, Chao de Zudro y Portela, Chao de Couto" respectivamente, nas zonas denominadas "Lama de Riva-Porfeitás" e "Costoira".

Tendo en conta que avirse á demanda é unha institución permitida no noso ordenamento xurídico como manifestación de conformidade coa petición contida na mesma que implica o abandono da acción, e a conciliación de alcanzarse acordo, orixina o efecto xurídico material dun convenio análogo á aceptación da demanda.

Procede a execución da acta de conciliación, realizando as correccións necesarias.

Ourense, a sete de outubro de dous mil tres



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
COTEXAD. EQUIP. FORM. CO. ORIGINAL
Ourense, a 07 de outubro de 2003

D. JOSE PERDIZ LOPEZ, SECRETARIO DEL JUZGADO DE PAZ DE MUIÑOS, OURENSE.

CERTIFICO: Que en el archivo de este Juzgado de Paz figura una acta de conciliación

La cual fotocopiada dice siguiente:

ACTA DE CONCILIACION.-

En la Sala de Audiencia del Juzgado de Paz de Muíños a cuatro de Noviembre de dos Mil dos. Ante la Sra. Juez de Paz D^a Josefa Seoane Delgado y de mi el Secretario, comparecen para celebración del acto que viene solicitado, el demandante D. MANUEL LOUREIRO VILACHA, como Presidente de la Junta del Monte Vecinal en Mano Común del pueblo de Reparada, titular del NIF-34573225-Q y el demandado D. JUAN CARLOS RODRIGUEZ GARCIA como Presidente de la Junta del Monte Vecinal en Mano Común del pueblo de Piñoy de donde es residente.

Iniciado el acto el demandado reproduce en todo su contenido la papeleta de conciliación fecha por la que intenta este acto con el demandado.


El demandado contesta: Que reconoce como ciertos los hechos que se relacionan en la Demanda, en todos y cada uno de sus trámites.

Llegado al acuerdo total, se da el acto por celebrado con avenencia.

Con lo que se dio por terminada la presente que leída y hallada conforme, la firman Los asistentes después de la Sra. Juez quién dispone que de la misma se expida testimonio a quien lo solicite, de todo lo cual, yo el Secretario, doy fe. Manuel Loureiro. Juan Carlos.-Josefa Seoane.-José Perdiz.- Rubricados.-está el sello del Juzgado.-Y para Que así conste a petición de parte interesada expido la presente en Muíños a cuatro de Noviembre de dos mil dos.


Vº. Bº.

La Juez de Paz



El Secretario





Monte: LAMANICHO Y COSTEIRA OR-2104

TERMINO MUNICIPAL DE MUÑOS

ESCALA 1:10000

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

EDICTO do 13 de xuño 2016, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a resolución do expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado Veredo e Coutada, Chao de Zudro e Portela, e Chao de Couto, a favor dos veciños de Reparade, no concello de Muíños (Ourense).

En cumprimento do disposto no artigo 28 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto no artigo 60.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, faise público que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesión que tivo lugar con data 26 de abril de 2016, adoptou a seguinte resolución:

Examinado o expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado «Veredo e Coutada, Chao de Zudro e Portela, e Chao de Couto», a favor dos veciños de Reparade, no concello de Muíños (Ourense), resultan os seguintes feitos:

Primeiro. Con data 2 de febreiro de 2015, tivo entrada no Rexistro da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural escrito dirixido ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común dos veciños de Reparade, no que solicitan a clasificación como veciñal en man común de varias parcelas denominadas «Veredo e Coutada, Chao de Zudro e Portela, e Chao de Couto».

Segundo. Con data 4 de novembro de 2015, o xurado provincial acorda iniciar o expediente de clasificación como veciñal en man común do referido monte, designa instrutor e realiza as comunicacións e publicacións a que fan referencia os artigos 20, 21 e 23 do regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e ábrese un período dun mes para a práctica de alegacións.

Terceiro. No prazo concedido para a práctica de alegacións non consta que se presentase ningunha.

CVE-DOG: h1w8og27-vyj3-rsp9-jtq3-e6fiwcu3es7



Cuarto. O monte obxecto de clasificación, de acordo coa documentación que consta no expediente, descríbese así:

Denominación do monte: «Veredo e Coutada, Chao de Zudro e Portela, e Chao de Couto».

Superficie: 12,79 ha.

Pertenza: Reparade.

Concello: Muíños.

A superficie da ampliación da clasificación proposta localízase nas parcelas catastrais seguintes:

Datos catastrais			Superficie para clasificar (ha)
Polígono	Parcela	Superficie catastral (m ²)	
54	440	664	0,07
	235	11.863	1,19
	236	18.471	1,85
	382	309	0,03
	234	25.590	Só unha parte
	379	133.430	Só unha parte
	237	414.637	Só unha parte
	9005	Camiño	Só unha parte
Superficie total para clasificar			12,79 ha

Estremas:

a) Perímetro exterior.

Norte (propietarios enumerados de oeste a leste mediante datos catastrais)

Concello	Polígono	Parcela	Propietario
Muíños	54	234 (resto da parcela)	Veciños de Reparade
		9005	Camiño

Leste (propietarios enumerados de norte a sur mediante datos catastrais)

Concello	Polígono	Parcela	Propietario
Muíños	54	379 (resto da parcela)	Veciños de Reparade
		9005	Camiño
		237 (resto da parcela)	Veciños de Reparade



Sur

Concello	Polígono	Parcela	Propietario
Muíños	54	237 (resto da parcela)	Veciños de Reparade

Oeste

Concello	Polígono	Parcela	Propietario
Muíños	54	237 (resto da parcela)	Veciños de Reparade

b) Perímetro interior (enclavados).

Non existen enclavados

Os terreos afectados pola ampliación da clasificación son os delimitados pola poligonal pechada definida polos vértices 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8b, 9b, 10b, 11b e 12b, tal como se indica na solicitude. Considérase revisión de esbozo o axuste do lindeiro a devasa que serve de límite do convenio delimitado pola poligonal definida polos vertices 7 (situado no extremo dos terreos obxecto da solicitude de ampliación da clasificación), 8 e 9. A partir deste último punto o lindeiro do monte veciñal en man común «Veredo e Coutada, Chao de Zudro e Portela, e Chao de Couto» continuará seguindo a devasa existente, de acordo coa acta de conciliación de data 4.11.2002 subscrita con acordo, no Xulgado de Paz de Muíños, relativa aos lindeiros entre os montes veciñais en man común «Veredo e Coutada, Chao de Zudro e Portela, e Chao de Couto» e «Uzal de Traves», pertencente a Piñoi, ambos os dous no concello de Muíños, que foi tomada en consideración na sesión do Xurado Provincial de Clasificación de MMVVMC de Ourense do 30.9.2003.

Fundamentos de dereito:

Primeiro. O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é o órgano competente para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter, de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo. De conformidade co disposto no artigo 1 da dita Lei «son montes veciñais en man común (...) os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños».



Terceiro. É reiterada doutrina da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo que son dúas as notas características dos montes veciñais en man común: unha, o aproveitamento consuetudinario en man común, e outra, a atribución da titularidade dese aproveitamento aos veciños integrantes dun grupo social determinado, independentemente da súa cualificación ou non como entidade administrativa. Corresponde constatar o aproveitamento e atribuír a titularidade, a favor do grupo social que o veña gozando, ao Xurado Provincial de Clasificación.

Cuarto. O carácter de monte veciñal en man común tense acreditado mediante as testemuñas dos veciños solicitantes, as actuacións realizadas polo Servizo de Montes e a documentación que consta no expediente.

En consecuencia co que antecede, examinada a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, o Decreto 166/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e demais normativa legal e regulamentaria, o xurado provincial por unanimidade dos seus membros,

RESOLVE:

Clasificar como monte veciñal en man común o monte denominado «Veredo e Coutada, Chao de Zudro e Portela, e Chao de Couto», a favor dos veciños de Reparade, no concello de Muíños (Ourense), de acordo coa descrición realizada no feito cuarto.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso postestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da citada Lei 13/1989, nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 13 de xuño de 2016

Yago Borrajo Sánchez

Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais
en Man Común de Ourense

CVE-DOG: h1w8og27-vy3-rsp9-jtq3-e6fiwcu3es7




582000

PROXECTO: DESLINDE DO MONTE MVMC "VEREDO E COUTADA, CHAO DE ZUDRO E PORTELA, E CHAO DE COUTO"

PLANO: 2

PERTENZA: CMVMC de Reparade

CONCELLO: MUÍÑOS (OURENSE)





Iván Rodríguez Jiménez, secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

CERTIFICO:

Que na sesión do **27 de febreiro de 2023** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

XVIII.- Solicitud de deslinde entre os MVMC "Lavagudo e Abilleira, Lamela, Iglesia Vella, Ribela, Arnadiño", pertencente aos veciños de Prado, e o MVMC "Veredo e Coutada, Chao de Zudro e Portela, e Chao de Couto", pertencente aos veciños de Reparade, no concellos de Muiños.

O informe do Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Ourense de data 9 de novembro de 2022 fai constar que a documentación achegada corresponde ao deslindamento do perímetro estremeiro entre as comunidades de montes mencionadas. No 1º punto, "*situado no Confurco, nun penedo de gran tamaño sobre o que hai gravada unha cruz (20 cm x 20 cm)*" conflúen os MVMC de Reparade, Albite e Prado, é a base e o inicio do deslinde, punto aprobado polas 3 comunidades dos montes involucradas.

Logo de analizar os vértices e a súa localización, conclúese que os puntos a aprobar son os comprendidos entre o 1 e o 4.1, onde rematan os montes veciñais e comezan propiedades particulares. O punto 4.2 é un punto auxiliar situado en propiedades particulares.

Despois, tamén se admite o tramo entre os puntos 5 e 6 e máis outro tramo entre os puntos 7 e 8, pois entre o punto 6 e 7 tamén aparecen propiedades particulares, parcelas vinculadas, cara o leste, ao expediente de revisión de esbozo de Prado.

O citado informe considera que a solicitude se axusta ao establecido no artigo 53 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, polo que propón ao Xurado Provincial súa aprobación nos seguintes tramos:

- Tramo 1: entre os puntos 1 e 4.
- Tramo 2: entre os puntos 5 e 6.
- Tramo 3: entre os puntos 7 e 8.





O Xurado Provincial, tendo en conta o informe do Servizo de Montes, aprobou a solicitude de deslinde.

Vº. e prace

O Presidente do Xurado

Luis Jorge Álvarez Ferro

Asinado por: ALVAREZ FERRO, LUIS JORGE
Cargo: Xefe territorial
Data e hora: 28/06/2023 13:03:05

Asinado por: RODRIGUEZ JIMENEZ, IVAN
Cargo: Xefe de Sección do Servizo Xurídico-Administrativo
Data e hora: 28/06/2023 11:42:05

CVE: mGTH9gyPFch2
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

ANUNCIO do 27 de marzo de 2023, do Xurado Provincial de Clasificación Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a Resolución do 21 de marzo de 2023 relativa ao acto de conciliación formulada polos representantes do monte veciñal en man común Lavagudo e Abelleira, Lamela, Igrexa Vella, Ribela, Arnadiño, e do monte veciñal en man común Veredo e Coutada, Chao de Zudro e Portela, e Chao de Couto, no concello de Muíños (Ourense).

Examinada a solicitude de deslindamento formulada polos representantes do MVMC Lavagudo e Abelleira, Lamela, Igrexa Vella, Ribela, Arnadiño, pertencente á CMVMC de Prado; e do MVMC Veredo e Coutada, Chao de Zudro e Portela, e Chao de Couto, pertencente á CMVMC de Reparade, no concello de Muíños, resultan os seguintes

Feitos:

Primeiro. O 16.9.2022, a CMVMC de Reparade (Muíños) presentou unha solicitude (Rexel nº 2022/2288692) de deslindamento entre o MVMC Veredo e Coutada, Chao de Zudro e Portela, e Chao de Couto e o MVMC Lavagudo e Abelleira, Lamela, Igrexa Vella, Ribela, Arnadiño, no concello de Muíños.

Coa solicitude achegou a seguinte documentación:

- Certificado do acordo da Asemblea Xeral da CMVMC de Reparade, do 5.6.2022.
- Certificado do acordo da Asemblea Xeral da CMVMC de Prado, do 3.6.2022.
- Certificado do acordo da Asemblea Xeral da CMVMC de Albite, do 19.6.2022.
- Arquivos xeográficos en formato vectorial.
- Informe técnico e planos.
- Acta de conciliación redactada no Xulgado de Paz de Muíños.
- Acta de apeo e conformidade do deslindamento.

CVE-DOG: nhqrxnt5-i9r0-s1k8-eol4-hup8yq2kta75



Segundo. O informe do Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Ourense, do 9 de novembro de 2022, fai constar que a documentación achegada corresponde ao deslindamento do perímetro estremeiro entre as comunidades de montes mencionadas. O 1º punto, «situado no Confurco, nun penedo de gran tamaño sobre o que hai gravada unha cruz (20 cm x 20 cm)» conflúen os MVMC de Reparade, Albite e Prado, é a base e o inicio do deslindamento, punto aprobado polas tres comunidades de montes involucradas.

Logo de analizar os vértices e a súa localización, conclúese que os puntos que se aproban son os comprendidos entre o 1 e o 4.1, onde rematan os montes veciñais e comezan propiedades particulares. O punto 4.2 é un punto auxiliar situado en propiedades particulares.

Despois, tamén se admite o treito entre os puntos 5 e 6 e máis outro treito entre os puntos 7 e 8, pois entre o punto 6 e 7 tamén aparecen propiedades particulares, parcelas vinculadas, cara ao leste, ao expediente de revisión de esbozo de Prado.

Analizando o vértice 1, e dando por correcta a súa situación polo estudo do informe do presente deslindamento, non se pode unir este punto co resto do monte de Prado cara ao leste nunha recta segura, polo que se establece unha liña provisional de 140 m entre este vértice coñecido e o punto máis próximo nos esbozos das clasificacións.

Non ficará definido ata que se estableza un deslindamento completo entre Penedo Redondo, de Albite, e Lavagudo e Abelleira, Lamela, Igrexa Vella, Ribela, Arnadiño, de Prado.

A superficie do MVMC Lavagudo e Abelleira, Lamela, Igrexa Vella, Ribela, Arnadiño sería de 551,46 ha fronte ás 494 ha do acordo de clasificación, o que supón un aumento superior ao 11 %. A superficie do MVMC Veredo e Coutada, Chao de Zudro e Portela, e Chao de Couto, unha vez modificado o esbozo, sería de 318,726 ha fronte ás 351 ha do acordo de clasificación, o que supón unha redución do 9,2 %.

O citado informe considera que a solicitude se axusta ao establecido no artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, polo que propón ao Xurado Provincial a súa aprobación nos seguintes treitos:

- Treito 1: entre os puntos 1 e 4.
- Treito 2: entre os puntos 5 e 6.
- Treito 3: entre os puntos 7 e 8.



Consideracións legais e técnicas:

Primeiro. Esta resolución dítase o abeiro do artigo 53 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Segundo. O artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, recolle o procedemento que se debe seguir no deslindamento entre montes veciñais en man común e establece que o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, logo do exame da documentación presentada, ditará resolución, que será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e notificada ás comunidades interesadas.

De acordo cos feitos e fundamentos de dereito expostos, e tendo en conta o informe favorable do Servizo de Montes do día 9 de novembro de 2022, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común acordou, por unanimidade, o día 27 de febreiro de 2023:

Aprobar o acto de conciliación acadado polas xuntas reitoras dos MVMC Lavagudo e Abelleira, Lamela, Igrexa Vella, Ribela, Arnadiño, pertencente á CMVMC de Prado, e do MVMC Veredo e Coutada, Chao de Zudro e Portela, e Chao de Couto, pertencente á CMVMC de Reparade, no concello de Muíños.


Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 27 de marzo de 2023

Luis Jorge Álvarez Ferro
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación
de Montes Veciñais en Man Común de Ourense

CVE-DOG: nhqrxnt5-i9r0-s1k8-eol4-hup8yq2kta75





COORDENADAS UTM MOJÓNS LIÑA DESLINDE ENTRE A CMVMC DE REPARADE E A CMVMC DE PRADO (PRADO DE LIMIA- MUIÑOS)			
PUNTO	X	Y	DESCRIPCIÓN
1 (Albite - Reparade-Prado)	582638,30	4641514,04	Penedo de grandes dimensións con cruz de 20 x20 cm grabada - paraxe Confurco- Sendeiro - paraxe Confurco- Confluen Prado-Reparade e Albite
2	582755,25	4642013,60	Penedo de grandes dimensións con cruz de 20 x20 cm grabada - no paraxe Confurco no camiño
3	582816,66	4642213,37	Penedo de grandes dimensións con cruz de 20 x20 cm grabada - O lado da pista ruta Confurco - Balbón
4	582853,29	4642358,64	Penedo de grandes dimensións con cruz de 20 x20 cm grabada - Tapada de Balbón
4.2 (Referencia)	582864,22	4642401,98	Punto posto en gabinete onde toca con propiedades particulares , a dirección marca o 4.2 que se ubica dentro da Tomada de Balbón
4.1 (Referencia)	582894,95	4642524,66	Este punto se toma de referencia , indica dirección da liña , se ubica dentro da Tapada Balbón, propiedades particulares -Penedo de grandes dimensións con cruz de 20 x20 cm grabada
5	582956,67	4642841,97	Estacilla pegada a muro de pedra que separa de particulares - Paraxe Corpa de Lamela
6	582915,08	4643182,47	Estacilla pegada a muro de pedra que separa de particulares - Paraxe Tapada Formarigo (zona baixa)
7	582887,83	4643348,49	Estacilla pegada a muro de pedra que separa de particulares - Paraxe Tapada Formarigo (Zona alta)
8	582902,24	4643396,42	Estacilla pegada a camiño no paraxe Formarigo onde un nicho antigo

Juan José García Rodríguez (44451881-B)

Presidente da CMVMC de Reparade

Joaquín Montero Romero (34939378-D)

Presidente da CMVMC de Prado

LEND

Piquetes

Deslinde entre comunidades as CMVMC de Reparade e CMVMC de Prado - Lonxitude : 1.210 metros

Tramo entre as propiedades particulares

Cauces fluviais

Curvas de nivel

LIÑA DE DESLINDE ENTRE A CMVMC DE REPARADE E A CMVMC DE PRADO

Parroquias de Prado de Limia | Concello de Muiños | Provincia de Ourense

PLANO DA LIÑA DESLINDE SOBRE ORTOFOTO

Nº PLANO: 1

ESCALA
1/5.000

En base medición con GPS V100 HI GNSS RTK TARGET sobre ortofoto do PNOA do ano 2020

Elipsoide GRS80 - Fuso UTM 29N - Datum ETRS89

Compañía Galega de Silvicultura, S.L.
Ponteareas,
maio de 2022

ENXENEIRA TÉCNICA FORESTAL
(Colexidade nº 908, COETF de Galicia)

Asda. María Jesús Lago Feljoo



Iván Rodríguez Jiménez, secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

CERTIFICO:

Que na sesión do **9 de setembro de 2024** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

VII.- Solicitud para que se declare a nulidade dun deslindamento realizado entre as CMVMC de Piñoi e a de Reparade.

A CMVMC de Piñoi solicita a nulidade dun acorde conciliación valorado polo Xurado Provincial o día 30 de setembro de 2003 entre os MVMC denominados "Veredo e Coutada, Chao de Zudro e Portela, e Chao de Couto" e "Uzal de Traves e outros".

A comunidade reclamante afirma que a asemblea de Piñoi na que se acordou o deslinde non presentou o plano que actualmente aparece na documentación de conciliación. E que ademais as sinaturas do presidente e secretario da CMVMC de Piñoi son falsas.

O Xurado Provincial considera que o feito que o plano non lle fora presentado á asemblea de Piñoi non demostra que dita asemblea estivera desinformada respecto o deslinde. Xa que ademais o acordado pola mesma resulta coherente coas modificacións propostas no plano.

Por outro lado, a valoración da presunta falsidade das firmas do presidente e do secretario non resulta competencia do Xurado Provincial, senón que é un asunto que no seu caso lle correspondería valorar á xurisdición ordinaria.

Vº. e prace

O Presidente do Xurado

José Antonio Armada Pérez

